


NOELLE GARCÍA

PSICÓLOGA, COACH
E MIGRANTE

"É rompedor traballar con persoas que teñen cometido crimes atroces".

"Os homes mexicanos desenvolveron ao longo dos anos unha masculinidade profundamente tóxica nun ambiente de violencia extrema, debido á presenza do narcotráfico. México sempre foi un país salvaxe, duro e instintivo; pero a violencia patolóxica que se ten desatado nos últimos 20 anos foi un caldo de cultivo para a misoxinia, xa tan latente na sociedade, que se amosa cunha brutalidade descomunal".



Nacín en Puebla (México) en 1990, no seo dunha familia de clase media alta. Materialmente nunca me fixo falta nada, nunca experimentei escaseza, vivía nunha burbulla social que non tiña contacto coa realidade do país no que vivía, era unha nena sobre-protexida e consentida, que non maleducada ou prepotente, como moitas outras persoas do mesmo círculo social no que eu estaba. O círculo da xente fresca, é dicir, "pija".

Puebla é unha das cidades máis conservadoras e católicas do país, ir a misa sen falta cada domingo era o canon e os valores que me inculcaron, tanto na escola católica coma na casa. Aprendín a curta idade que debía ser virxe até o matrimonio e que as mulleres nacemos para casar e ter fillos, ser boas nenas, que caladiñas estamos máis bonitas e que había cousas que facían as mulleres e cousas que facían os homes. Estes roles tan pechados e tipificados pronto me fixeron facer curtocircuíto, na escola eu era a "marimacho" porque xogaba cos homes e non tiña bonecas senón pistolas, espadas ou bonecos de acción. Xa que era muller, de min esperábase recato e moderación, algo que nunca puideron conseguir.

Como calquera adolescente fun descubriendo a vida, a riqueza das relacións interpersoais, saltar as regras, descubrín a sexualidade e, ao igual que na miña infancia, estiven pelexada co que "hai que ser", porque ás veces encaixaba e ás veces non.

Sempre fun moi nerd e tiveron a miña época de selo inda máis aos 17 anos, que gañei unha bolsa para xoves interesados na ciencia no INAOE, Instituto Nacional de Astrofísica, Óptica e Electrónica. Quería estudar Física, pero dinme conta de que a miña habilidade matemática e o meu nivel non era suficiente para ser unha boa física. Eu quería estudar algunha ciencia e estaba segura; pero non sabía exactamente cal, pasei a miña crise existencial de non saber que estudar e entrei na facultade de Psicoloxía.

O meu paso pola universidade foi moi emocionante. Estudei na Universidade Iberoamericana de Puebla, unha universidade xesuíta cun corte social importante, involucrada en moitos proxectos sociais.

Tiveron prácticas intensas, os escenarios máis interesantes foron o cárcere e o traballo con adolescentes infractores. Os adolescentes eran mozos e mozas que estaban alí porque tiñan cometido unha infracción menor como facer

un graffiti ou roubar; pero moitos deles confesaban ter matado a unha ou máis persoas, había tamén vítimas de delitos sexuais ou violencia intra-familiar que estaban alí para que non se seguira abusando deles, ou tamén mozas que tiñan sido rescatadas de traballos obrigados como servidoras sexuais. Marcoume particularmente o caso dunha adolescente de 14 anos que tiña sido obrigada a traballar como servidora de sexo desde os 7 anos e fora rescatada dun prostíbulo do estado de Tlaxcala. Esta moza tiña moitísimos problemas emocionais, o que me parecía unha reacción normal dadas as circunstancias que tiña vivido e, sen embargo, e a pesar de todo tiña esperanza no futuro, era conmovedor o seu desexo de superación.

No cárcere a experiencia foi moi interesante e á vez intensa. É rompedor traballar con persoas que cometeron crimes atroces, é duro tragarse a realidade que o mundo ofrece e tamén é preciso entender que é máis complexo que só ser culpable ou inocente.

Primeiramente todas son persoas e, como persoas, teñen unha historia de vida, unha biografía que explica a súa actuación, pero non a xustifica. Aprenderon a violencia e logo exercérona, na biografía de todas hai historial de violencia e abuso, un panorama marxinal, de pobreza, de desigualdade social e novamente de machismo. As mulleres de México teñen condenas máis longas polos mesmos delitos que os homes e, a conduta criminal feminina, a maior parte das veces está directamente relacionada cun home que invita, convence e obriga a delinquir.

México é o primeiro lugar en feminicidios do mundo. A gran maioría das mulleres coñecen ao seu agresor, ao seu asasino ou ao seu abusador, acostuma ser a súa parella, seu tío, seu curmán, seu pai. Isto non é máis que o reflexo dunha masculinidade putrefacta e profundamente magoada, ao igual que o reflexo dunha sociedade sometida, inxusta, patolóxica e violenta, porque México está a vivir unha guerra sen cuartel, inducida sempre, desde os intereses dalgúns veciños do norte, xa que son precisamente eles os grandes consumidores de droga, de persoas, pornografía e outros produtos, que eles mesmos distribúen nun territorio dúas veces máis grande que o mexicano e venden armas a todos os cárteles; pero desde logo a imaxe dos grandes Estados Unidos queda completamente impoluta, mentres os mexicanos manchamos as mans de barro e sangue.